

# grupo chévere

versión adaptada a teatros sen tremoia 2023  
a caixa negra do Prestige

# N.E.V.E.R.M.O.R.E.



**unha coprodución de chévere e o centro dramático nacional**  
**co apoio de agadic-xunta de galicia**  
**e a colaboración de auditorio de galicia/concello santiago d.c.**

**Esta é unha versión adaptada a espazos que non dispoñan de tremoia. O contido da obra e as escenas mantense integramente. Só se prescinde dos elementos da escenografía que van colgados e dos movementos das varas durante a función.**

*Decidimos facer esta versión a proposta dun programador dunha pequena vila a quen respectamos moito. Despois de ver a obra, veu falar con nós para convencernos de que esta historia tiña que chegar tamén a outros públicos e a outros lugares de Galicia que non contasen con teatros con tremoia. Díxonos que a historia por si mesma era abonda para interesar e chegar a máis públicos, que era unha historia nosa e que pagaba a pena o esforzo para espallala. E claro, deixámonos convencer. Ofrecémola así con todas as ganas e con toda humildade, porque segundo pasa o tempo esta obra é cada vez máis vosa.*

# O EQUIPO

|                         |                                                                                                                                                                                   |
|-------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Idea e creación         | <b>Chévere</b>                                                                                                                                                                    |
| Dramaturxia e dirección | <b>Xron</b>                                                                                                                                                                       |
| Reparto                 | <b>Miguel de Lira</b><br><b>Patricia de Lorenzo</b><br><b>Borja Fernández</b><br><b>Mónica García</b><br><b>Tone Martínez</b><br><b>Arantza Villar</b><br><b>Nekane Fernández</b> |
| Axudante dirección      | <b>Carlos Alonso</b>                                                                                                                                                              |
| Espazo escénico         | <b>Xacobe Martínez Antelo</b>                                                                                                                                                     |
| Espazo sonoro           | <b>Uxía P. Vaello</b>                                                                                                                                                             |
| Vestuario               | <b>Fidel Vázquez</b>                                                                                                                                                              |
| Iluminación             | <b>Xurxo Pinheiro</b>                                                                                                                                                             |
| Son                     | <b>Quique Martínez</b>                                                                                                                                                            |
| Arte, montaxe           | <b>Pepe Penabade</b>                                                                                                                                                              |
| Paxaros                 | <b>Anabel López, Brais Lestón</b>                                                                                                                                                 |
| Auxiliares escenografía | <b>Xana García</b>                                                                                                                                                                |
| Comunicación            | <b>Tristán Ron</b>                                                                                                                                                                |
| Gráfica                 | <b>Xron, A.C. Unha Gran Burla Negra</b>                                                                                                                                           |
| Documentación           | <b>Inés Portela</b>                                                                                                                                                               |
| Producción              | <b>Patricia de Lorenzo, Xron</b>                                                                                                                                                  |
| Producción executiva    | <b>Crémilo-Carlos M. Carbonell</b>                                                                                                                                                |
| Distribución            | <b>Centro Dramático Nacional e Chévere co apoio de Agadic</b>                                                                                                                     |
| Coprodución             | <b>Colabora: Auditorio de Galicia/Concello Santiago de Compostela</b>                                                                                                             |


**Agradecementos: A.C. Unha Gran Burla Negra, María Bella, Manuel Rivas, Jorge Linheira, Viki Rivadulla, Muxía, Rosa Aneiros, Séchu Sende, Bocixa, Belen Brandido, Xosé Díaz, Xosé Iglesias, Nacho e Raul da Confraría de Muxía, Protección Civil de Muxía, Clotilde Vaello, Carmen Hortas, Soundtroop, Silvia Fernández Pampín**

*Tódalas melodías interpretadas na obra proceden do cancionero tradicional galego. Cancións: "E o corvo dixo Nevermore" adaptación de "Canto de andar o camiño de Bembibre" recollido por Leilía no seu disco "Leilía". "Alalá das Mariñas" recollida por Faustino Santalices, cantada por Uxía Senlle ao rematar a manifestación do 1 de decembro de 2002 na praza do Obradoiro. "Maneo de Cances da Vila" (Carballo), recollido á Sra Carmen por Davide Salvado xunto con Raigañas de Cerqueda e Xiradela. "Muiñeira de Silván", recollida e arranxada por Xurxo Fernandes, interpretada con paixón por PAN.SEN.FRON*

*"Tell me what thy lordly name is on the Night's Plutonian shore!  
Quoth the Raven "Nevermore."*

*"Dime cal é o arrogante nome que tes no escuro inframundo!  
E o Corvo dixo: "Nuncamáis."*

*Edgar Allan Poe, The Raven (O Corvo)*



NEVERMORE pódese referir tanto a corvos que falan como a pobos que berran, pero a intención é a mesma: facer memoria. A idea é seguir usando procedementos documentais para crear ficcións a partir da nosa memoria colectiva. Neste caso dispoñémonos a comprobar se a historia do Prestige foi algo máis ca unha catástrofe ecolóxica, porque ao mellor é unha metáfora da hostia e haina que entender como un aviso do que estaba por chegar

©ESA 2002 - Processed by ESA/ESRIN

Duración da obra: 110 minutos

Audiencia: maiores de 12 anos

Idioma: galego

# A CRÍTICA

Desgarradora, demoledora, original, sarcástica, vehemente, ácida, directa, impecable. Sin pelos en la lengua, una de las señas de identidad de la compañía, Chévere vuelve a mostrarnos de forma magistral como se puede hacer teatro reivindicativo, educativo y divertido a la vez. Estamos ante una obra que conceptualmente es una joya, tanto en la forma como en el fondo. Una pieza que desgrana con maestría la catástrofe del Prestige y la hilvana con precisión con la pandemia actual, algo que hace que incluso los más jóvenes (o los no gallegos que no vivieron tan de cerca la tragedia del petrolero) se vean reflejados en el relato. Chévere nunca defrauda. Cada nuevo montaje es un compendio de ingenio y compromiso, pura diversión y denuncia, teatro en estado puro.

**Fernando Muñoz Jaén, Vista Teatral , setembro 2021**

<http://www.vistateatral.com/2021/09/teatro-nevermore-teatro-maria-guerrero.html?m=1>

La compañía Chévere carga su espectáculo “Nevermore” de recursos visuales y sonoros para reconstruir la catástrofe ecológica que vivió Galicia hace dos décadas y conectarla con la pandemia actual. Nadie mejor que el dramaturgo Xron y los actores Miguel de Lira y Patricia de Lorenzo, núcleo estable de la compañía, para reconstruir con solvencia en un teatro aquellos días de marea negra. No solo porque son gallegos y participaron activamente en el movimiento social Nunca Más, sino porque son un referente del teatro documental y político en España, que en sus tres décadas de trayectoria ha demostrado su maestría a la hora de llenar de significado episodios reales en un escenario.

**Raquel Vidales, El País, 25/09/2021**

[https://elpais.com/babelia/2021-09-25/la-caja-negra-del-prestige.html?utm\\_source=Twitter&ssm=TW\\_CM\\_BABE#Echobox=1632560135](https://elpais.com/babelia/2021-09-25/la-caja-negra-del-prestige.html?utm_source=Twitter&ssm=TW_CM_BABE#Echobox=1632560135)

Las recreaciones de las comunicaciones desde el mar a tierra y la selección de testimonios tan rocosos como sencillos convierten esta obra de teatro en una maravilla que sería fantástico que vieran los jóvenes, los que no guardan memoria de aquella espontánea reacción de miles de voluntarios y de aquellos meses tan oscuros y jalonados por protestas que nadie atendía. Esta función de teatro transmite esa grandeza de la resistencia. Cuando allá por noviembre nos aproximemos a los 20 años del descubrimiento general del término ‘chapapote’, ojalá que la compañía teatral Chévere, sigan actuando en alguna ciudad accesible. Si es así, no se lo pierdan. El futuro necesita irremediabilmente ese hilo con la tensión del pasado.

**David Trueba, XLsemanal, abril 2022**

<https://www.xlsemanal.com/firmas/20220418/n-e-v-e-r-m-r-e.html>

Una original y trabajada propuesta. La belleza plástica con la que la función arranca de manera performativa para después dar paso a la voz de una complementariedad de ciudadanos. Testimonios con los que conocemos cómo se sintieron, vivieron y respondieron en aquellos momentos. Una mirada atrás a la manera del teatro documento cargada de espontaneidad, humildad y sencillez que hace que suenen sinceros y resulten creíbles.

**Lucas Ferrera, En Platea, setembro 2021**

<http://enplatea.com/?p=31936>

En escena seis actores inmensos. Todos ellos se desdoblaron y multiplicaron en escena como narradores que, además, dan cuerpo y voz a testigos de la tragedia medioambiental, autoridades, marineros, operarios de salvamento... Y, por si todo esto fuera poco, generan en directo todos los efectos sonoros que dan un realismo aún mayor a esos trágicos sucesos. Fascinante, junto a la escenografía, la luz, el vestuario, el sonido y, en general, el ambiente que envuelve la propuesta de principio a fin. Muy interesante!

**José Miguel Vila, Diario Crítico, setembro 2021.**

<https://www.diariocritico.com/teatro/critica-de-la-obra-de-teatro-nevermore>

Lo que vemos en los trabajos de Chévere es la punta de un iceberg alimentado de mucho trabajo colectivo y de enorme dedicación por parte del núcleo de la banda. A través de una técnica de presentación de personajes que ya es seña de identidad de Chévere una especie de fluctuación entre el teatro, el periodismo y la performance los testimonios que encarnan los actores y actrices transmiten la fuerza que tenemos la gente cuando nos autoorganizamos y luchamos desde abajo. El humor, la inteligencia, la alegría colectivas frente a la mentira política y mediática. Eso es N.E.V.E.R.M.O.R.E. Ver los trabajos de Chévere en este lado del planeta llamado Norte Global es como caminar por un bosque que conduce a una ría por la que entra el mar. Todo el mundo en el Reino de España, no sólo la clase artística de este país que no existe, debería poder acceder a ver sus obras porque “elevan la escena privada a lo histórico”, como decía Piscator.

**Laura Corcuera, El Salto, outubro 2021.**

<https://www.elsaltodiario.com/teatro/grupo-chevere-obra-nevermore-centro-dramatico-nacional-desastre-prestige>

Chévere volve demostrar con N.E.V.E.R.M.O.R.E. que, se non existisen, habería que inventalos. Non unicamente pola intelixencia da dramaturxia desta peza ou pola brillantez e o talento interpretativo, ou tampouco soamente, polo virtuosismo e a sorpresa que nos traen en cada novo traballo, senón pola capacidade da compañía para construír sempre algo que non sabiamos que era imprescindible antes de velo.

**Berta Dávila, Vinte-Praza Pública, outubro 2021**

<https://vinte.praza.gal/artigo/a-catastrofe-e-os-seus-ruidos>

# A XIRA

## 2021

### Setembro

- 17 setembro Madrid, Teatro María Guerrero (estrea)  
17-30 Madrid, Teatro María Guerrero

### Outubro

- 1-10 Madrid, Teatro María Guerrero  
22,23,24 Santiago de Compostela, Auditorio de Galicia

### Novembro

- 6,7 Lugo, Auditorio Gustavo Freire  
12 Ferrol, Teatro Jofre  
13 Vilagarcía, Auditorio Municipal  
18 Pontevedra, Auditorio Afundación  
20 Valladolid, LAVA  
27 Santurtzi, Serantes Kultur Aretoa, Festival Internacional de Teatro  
28 Logroño, Teatro Bretón

### Decembro

- 3,4 A Coruña, Teatro Rosalía de Castro  
10,11 Ourense, Teatro Principal

## 2022

### Xaneiro

- 7-16 Barcelona, Teatre Lliure Sala Fabià Puigserver  
22 Girona, Teatre Municipal  
27 Vigo, Teatro Afundación

### Febreiro

- 4 Ponferrada, Teatro Bergidum  
18,19 Sevilla, Teatro Central

### Marzo

- 27 Palma de Mallorca, Teatre Principal

### Abril

- 2 Barakaldo, Teatro-Antzokia  
7 Soria, Palacio de la Audiencia  
29-30 Valencia, Teatre Principal

### Maio

- 6 A Estrada, Teatro Principal  
14 Narón, Pazo da Cultural

### Xuño

- 16 Donostia-San Sebastián, Teatro Victoria Eugenia

### Outubro

- 15 Coslada, Teatro Municipal

### Novembro

- 1 Vitoria-Gasteiz, Teatro Principal  
Festival Internacional de Teatro  
11-12-13 Santiago de Compostela, Auditorio de Galicia  
19 Vimianzo, Casa da Cultura

### Decembro

- 28 A Coruña, Teatro Rosalía de Castro

# A HISTORIA

Empezamos a idear este traballo en marzo de 2020. Cando a chegada dun virus demostrou que todo pode mudar. Que o mundo pode parar. Aí decatámonos do rápido que o esquecérámos. Un ano despois comprobamos o enorme esforzo que se está facendo para que todo volva ser coma antes. E o fácil que é deixarse convencer outra vez. Así que decidimos contar unha historia para non esquecer tan facilmente que as cousas poden ser doutro xeito. Chamámola N.E.V.E.R.M.O.R.E.



N.E.V.E.R.M.O.R.E. é a resposta indescifrable que o corvo do poema de Poe dá unha e outra vez ás preguntas dun home que perdeu o que máis quería. N.E.V.E.R.M.O.R.E. podería ser un S.O.S. emitido á desesperada no código internacional de sinais marítimos. Ou o acrónimo dunha gran corporación que sabe que hai sitios con xente que se poden sacrificar para que todo siga funcionando como ata agora. Ou simplemente un aviso do que estaba por vir. Para nós N.E.V.E.R.M.O.R.E. é unha forma de acudir á memoria colectiva dun deses pobos que se poden borrar do mapa sen que pase nada. Un pobo que, así e todo, en decembro de 2002 fixo seu o berro do corvo e non se deixou convencer polas mentiras daqueles que aseguraban que non pasaba nada, que todo seguían sendo coma antes. Contar esta historia é tamén un conxuro para desfacer o feitizo que sigue rodeando a catástrofe do Prestige, convertida nunha metáfora estrañamente perfecta desa cultura do petróleo que nos impide ver que hai máis alá da catástrofe, coma se non puidésemos habitar outro lugar que non sexa ese. Coma se no fose posible encontrar un rinoceronte gris dentro dunha caixa negra.



N.E.V.E.R.M.O.R.E. foto LuzSoria



N.E.V.E.R.M.O.R.E. foto LuzSoria

# OS FEITOS

**Novembro 2002.** O Prestige, outro vello petroleiro cargado con fuel pesado, lanza un S.O.S. no medio dun forte temporal, a 28 millas de Cabo Fisterra. Durante seis días remólcase sen un destino certo, vertendo a súa carga ao mar, e ao sétimo día afúndese a máis de 3.000m de profundidade. Sucesivas mareas negras chegan á costa de Galicia. Despois do último día do mes, milleiros de persoas que souberan escoitar o mar no medio daquel sobrecolledor silencio imposto ás ondas polo chapapote, berran xuntas: ¡Nunca Máis!

**Marzo 2020.** Estamos á procura da historia para un novo espectáculo e declárase o Estado de Alarma. Pouco despois, nos peores momentos da pandemia de Covid-19 e diante da falta de medios, algúns hospitais da costa galega lanzan un chamamento á desesperada por se alguén conserva material do Prestige. Axiña emerxen milleiros de traxes, lentes, luvas e máscaras usadas para combater a marea negra. Aínda se gardan. Para cando veña a seguinte. Esta vez non chega por mar. Non mancha. Non cheira. Pero os traxes sirven igual, porque sospeitamos que culpable é o mesmo. Daquela preguntámonos que unía aquilo con isto.

**Abril 2020.** Aparece unha caixa sen abrir con material procedente do peche que un grupo de activistas da Plataforma Contra a Burla Negra mantivo na Casa da Cultura de Laxe, entre o 25 e o 30 de novembro de 2002, só unha semana despois do afundiminto do Prestige. É a caixa negra da catástrofe.

**Xaneiro 2021.** Conseguimos abrir a caixa. Temos que contar o que atopamos dentro, aínda que non sirva para entender que une aquilo con isto.

# A NARRATIVA

A resposta social á catástrofe do Prestige foi o primeiro gran movemento cidadán do S. XXI en España, artellado na **Plataforma Nunca Máis**. Foi unha experiencia colectiva porque como sociedade inscribimos unha marca sobre iso que pasaba. En medio da catástrofe apareceu un nós, un espazo aberto de participación, unha especie de comunidade. Por tanto, houbo unha subxectivación colectiva: un proceso de transformación da situación obxectiva en situación habitable, modificable, á que se lle podía dar outro significado. Esta subxectivación abriu outras posibilidades, outras narrativas. A xente actuou “desafiando e desbordando os sentidos establecidos, transformando as maneiras de ver e sentir, alterando os nomes e as descrições dadas desde arriba”.

Durante varios meses, a narración do que pasaba pertenceu a ese “nós” e impúxose porque non só era máis real, senón tamén máis creíble que a ficción que se empeñaba en defender o goberno. Esta confrontación de relatos permite facer unha lectura da catástrofe desde parámetros puramente narrativos. Aínda que sexa unha ficción, o obxectivo dunha narración é resultar creíble dabondo para manter a atención e o interese do público. Desde a perspectiva da narración documental, esa credibilidade dáse por suposta desde o principio: o que nos conta é verdade. Pero o documental tamén é unha narrativa que reconstrúe interesadamente a verdade (como o goberno), sobre todo co obxectivo de que pareza verdade. Para resultar creíble, acaba sendo máis importante que pareza verdade que o feito de que sexa verdade. Por iso o xiro de guión que fai o goberno en xaneiro de 2003 ao presentar o Plan Galicia, acabou por se impoñer. Porque usou todo o poder á súa disposición (diario oficial, orzamento estatal, influencia mediática) para que esa promesa de historia parecese verdade, aínda que ao final non se chegase nin a escribir.

N.E.V.E.R.M.O.R.E. é pois un exercicio narrativo feito sobre as costuras dese guión inacabado. É un acto de creación de sentido máis alá dos sentidos impostos. Isto é o que fan os actores, actrices e personaxes: tomar a historia do Prestige nas súas mans e rememoralala no escenario dun xeito distinto ao previsto no Plan Galicia, porque agora temos a certeza de que esa é unha memoria imposible.



*N.E.V.E.R.M.O.R.E. foto LuzSoria*



*N.E.V.E.R.M.O.R.E. foto LuzSoria*

# A POSTA EN ESCENA

A representación teatral como testemuño do vivido, do presenciado. O espazo como ausencia. O **espectáculo concibido como unha caixa negra**, sobre todo no sentido dunha maquinaria de **registro de memoria**.

A caixa negra é un dispositivo que rexistra e almacena a actividade dos instrumentos e conversas da tripulación dun avión, tren ou barco, para permitir analizar o que ocorreu nos momentos previos a un accidente e poder establecer as súas causas. A caixa negra é como unha unidade de memoria. Culturalmente funciona como unha metáfora do testemuño persistente do que foi destruído. É o que queda despois do accidente. É unha moderna botella ao mar ou unha caixa b da realidade.

**Para esta versión adaptada a teatros sen tremoia, prescindimos de todos os elementos escenográficos que na versión orixinal van pendurados das varas: paraugas, colchóns, telóns, mapas, pancartas... Algúns destes elementos serán substituídos por proxeccións. Por tanto, tamén se eliminan os movementos das varas. O deseño de son e de iluminación tamén se adaptarán, reducindo o equipamento necesario. Pero o contido da obra mantense integramente.**



N.E.V.E.R.M.O.R.E. foto LuzSoria



N.E.V.E.R.M.O.R.E. foto LuzSoria

# A COMPAÑÍA

Chévere é unha compañía de axitación teatral con máis de 35 anos de traballo ao lombo, que soubo manter con naturalidade unha proposta de creación propia tan irreverente como xenuína. En 2014 recibiu o Premio Nacional de Teatro, polo seu compromiso social e cultural e pola súa coherente traxectoria de creación colectiva, transgresión de xéneros e conexión crítica coa realidade.

Desde 1987 Chévere actuou en centos de aldeas, vilas e cidades de toda Galicia, España, Portugal e outros países europeos, latinoamericanos e africanos. Fixo espectáculos de moi diferentes estilos e formatos e traballou en espazos pouco convencionais: na rúa, en barcos, aeroportos, carpas de circo, escaparates, ríos, portos, radios, bares, aulas... Usando o humor como filosofía, a risa como expresión e o pensamento crítico como ferramenta, as súas obras confrontan no palco os debates do presente coa memoria dun pasado recente que nos afecta, documentándoo escénicamente cunha linguaxe contemporánea accesible a públicos moi diversos. Exemplos deste modus operandi foron traballos como **Curva España** (2019), **Eroski Paraíso** (2016), **As Fillas Bravas** (2015), **Ultranoite no País dos Ananos** (2014), **Eurozone** (2013), a triloxía **Citizen** (2010-2011) ou **Testosterona** (2009).

Chévere crea a Nave de Servizos Artísticos-Sala Nasa en 1992, un espazo cultural independente único pola súa singularidade, ocupándose da dirección artística ata o seu peche a finais de 2011, precipitado pola persecución do goberno local do PP. Alí mantén o seu cuartel xeral durante 20 anos, servindo de base a gran parte da produción cultural da cidade e a infinidade de proxectos escénicos, grupos e autores que representan a creación máis arriscada deste período en Galicia, Portugal e España.

A partir de 2005 Chévere diversifica o seu teatro de operacións. Participa en proxectos audiovisuais como *Pepe O Inglés* (serie emitida en TVG), *Crebinsky*, o filme (longametraxe en cine), *A Viaxe dos Chévere* (documental) ou a versión cinematográfica de *Eroski Paraíso*. Crea a *redenasa.tv*, unha plataforma dixital de contidos culturais en galego que acolle ademais o arquivo audiovisual da Sala Nasa. Executa innovadores proxectos de creación en internet como *Amores Prohibidos 2.0*, xunto a un grupo de adolescentes. E converte o seu teatro nunha ferramenta de divulgación, sensibilización e comunicación transversal a moitos sectores da sociedade (divulgación científica, promoción do comercio retallista, sensibilización sobre temas de igualdade, violencia machista ou inclusión social)

Entre 2012 e 2019 Chévere desenvolve un proxecto de residencia teatral no Concello de Teo (A Coruña). En 2015 a compañía pon en marcha a Berberecheira, unha iniciativa de custodia do territorio teatral, un laboratorio de creación para sementar proxectos escénicos de xestión colectiva que desbordan o núcleo estable da compañía. Na Berberecheira incubáronse tres proxectos: Goldi Libre (2016), de César Goldi. Salvador (2017), de Borja Fernández. Anatomía dunha Serea (2018), de Iria Pinheiro.

Nos últimos anos Chévere intensifica o seu traballo de creación de ficcións sonoras. Investiga nas posibilidades das narrativas espaciais, usando a comunicación sonora a través de dispositivos dixitais e auriculares para realizar visitas e paseos ficcionados por barrios, vilas, centros históricos, edificios singulares e espazos naturais, adaptadas tamén a usos turísticos (audioguías ficcionadas).



*N.E.V.E.R.M.O.R.E. Equipo completo*

# CONTACTO

## Chévere

Rúa da Queimada 49, baixo  
15703 Santiago de Compostela

[info@grupochevere.eu](mailto:info@grupochevere.eu)

[www.grupochevere.eu](http://www.grupochevere.eu)

## Produción

Patricia de Lorenzo

[patricia@grupochevere.eu](mailto:patricia@grupochevere.eu)

628 474 557

## Dirección artística

Xesús Ron

[xron@grupochevere.eu](mailto:xron@grupochevere.eu)

660 960 916

## Administración

Inés Portela

[administracion@grupochevere.eu](mailto:administracion@grupochevere.eu)

## Comunicación

Xana García

[prensa@grupochevere.eu](mailto:prensa@grupochevere.eu)

635 140 100

## Técnica

Fidel Vázquez

[fvazquezdiaz@miraxe.coop](mailto:fvazquezdiaz@miraxe.coop)

607 947 797

Xurxo Pinheiro

[xurxo@miraxe.coop](mailto:xurxo@miraxe.coop)

678 437 701

## Distribución

Carlos M. Carbonell

[cmcarbonell@cremilo.com](mailto:cmcarbonell@cremilo.com)

678 460 559